

## **ROGO DE AER SOBRE A ESTRADA PROVINCIAL QUE ATRAVESA O VISO**

PLENO 29 SETEMBRO 2011. ACTA 17/2011

O colexio de Cesantes convértese nas horas de entrada e saída do alumnado nun punto cun importante tránsito de nenos e nenas. A presenza no entorno dunha estrada Nacional e outra Provincial son dous elementos importantes a ter en conta para a seguridade viaria dos usuarios do colexio. O elevado tránsito de vehículos nas horas puntas supoñen un perigo para os rapaces que entran ou saen do colexio, así como todos aqueles que van camiñando ata a súa casa. Neste punto tamén é elevado o tránsito de peregrinos que non lles queda máis remedio que atravesar estas estradas. É importante realizar diversas actuacións para a mellora desta situación, polo cal rogamos:

- Construción de beirarrúas na estrada provincial (xa indicado anteriormente).
- Instalación de paso de peóns no cruce da Estrada do Pereiro coa Estrada da Teixeira.
- Instalación de paso de peóns no acceso ó colexio de Cesantes.
- Mellora da zona de aparcadoiro para os pais e nais que veñen traer e recoller ós seus fillos.
- Instalación dun paso elevado para os peóns e peregrinos na estrada nacional á altura do camino de Santiago.

Esperamos que vostedes, que teñen un acceso directo a ditas institucións, actúen coa máxima celeridade e non teñamos que esperar a que ocorra unha desgraza irreversible, como ocorreu na Avenida Mendiño, antes de poñerlle remedio.